

# PLAN DE ACOLLIDA DO ALUMNADO INMIGRANTE

	Pág.
1. XUSTIFICACIÓN .....	1
2. SITUACIÓN DE PARTIDA .....	2
3. OBXECTIVOS.....	3
4. MEDIDAS DE ACTUACIÓN .....	3
4.1. ESCOLARIZACIÓN DO ALUMNADO INMIGRANTE.....	3
4.2. ACCIÓN TITORIAL CO ALUMNADO INMIGRANTE.....	5
4.3. PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE.....	6
4.4. MEDIDAS ESPECÍFICAS DE ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA .....	7
4.5. OUTRAS ACTUACIÓNS TITORIAIS .....	7
5. AVALIACIÓN DO PROTOCOLO DE ACOLLIDA DAS ACTUACIÓNS .....	8

## 1. XUSTIFICACIÓN

A chegada progresiva de alumnado procedente do estranxeiro a nosa Comunidade é cada vez máis frecuente e variada, sendo preciso establecer medidas de atención específica co fin de facer efectivos os principios de igualdade no dereito á educación e de integración que favorezan a súa incorporación ao sistema educativo e á comunidade educativa. En Galicia, as pautas xerais de actuación quedan recollidas na Orde do 20 de febreiro de 2004 (DOG DO 26 de febreiro) pola que se establecen medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.

Considera obxecto das medidas prevista ao alumnado estranxeiro que reúna algunha das necesidades educativas seguintes:

- a) Descoñecemento das dúas linguas oficiais da nosa Comunidade
- b) Desfase curricular de dous ou máis cursos, con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.
- c) Presentar graves dificultades de adaptación ao medio escolar debido a razóns sociais ou culturais.

Establece ademais, entre outros aspectos, a necesidade de que nos proxectos educativos e os documentos de desenvolvemento curricular inclúan criterios de carácter organizativo e pedagóxico para atención ao alumnado procedente do estranxeiro; así como que os plans de orientación de acción titorial recollerán accións deseñadas especificamente para o alumnado procedente do estranxeiro, entre as que inclúen o plan de acollida así como medidas de seguimento do seu proceso de integración escolar por parte do profesor tutor.

Así pois, neste documento concretamos as actuacións de acollida que debemos prestarlle ó alumnado estranxeiro, e as súas familias no momento da súa chegada ao noso centro co fin de facilitar o proceso de escolarización, a adaptación e a integración no entorno escolar, e ao mesmo tempo, aproveitando a oportunidade para que o conxunto do noso alumnado aprenda

a convivir con contextos culturais distintos, aceptando e enriquecéndose dos aspectos positivos desta multiculturalidade. Incorpora tamén modelos de formularios específicos para facilitar este labor.

## 2. SITUACIÓN DE PARTIDA

O IES *Otero Pedrayo*, recibe principalmente alumnado procedente dos Centros adscritos de Educación Infantil e Primaria *María Pita* e *Ramón de la Sagra*, polo que escolarizamos *proporcións similares de alumnado inmigrante; deste xeito, a maioría do alumnado do instituto xa tivo experiencias con alumnado estranxeiro.*

Unido á heteroxeneidade propia do ensino secundario, está a incorporación progresiva ás aulas de alumnado inmigrante cunha bagaxe cultural moi diversa, que presenta niveis de escolarización anteriores moi diferentes e distintos graos de competencia en español. Isto supón que terá que adaptarse a unha situación descoñecida, nun país moi diferente ó seu, con novos compañeiros, cunha organización escolar diferente, e cunhas materias novas e, cando menos, cunha das linguas de uso e aprendizaxe totalmente descoñecida.

Esta variedade require unhas actuacións educativas específicas e diversificadas, que dean resposta ás particulares de cada alumno/a. Pero, aínda que se trata dun colectivo heteroxéneo, a maioría do alumnado inmigrante presenta características comúns, entre eles os que cabe mencionar:

- ✓ Necesidade da adquisición das linguas vehiculares nas que ten lugar todo o proceso de ensino-aprendizaxe no centro distintas á que emprega na súa vida cotiá, coa súa familia, co seu ámbito de amizades, etc.
- ✓ Diferentes referentes culturais: o que ofrece a escola e o que se atopa na casa, soen obedecer a dúas concepcións distintas de vivir e actuar.
- ✓ A existencia de dificultades escolares por mor do diferente nivel académico, nalgún caso con dous ou máis cursos de atraso e incluso sen apenas escolarización previa, e o escaso ou nulo dominio do noso idioma. Nalgúns casos, escaseza de recursos económicos das familias, para a adquisición do material escolar imprescindible.
- ✓ As expectativas educativas poden ser moi diversas, dende situacións de falta de motivación cara o estudo, que pode deberse á falta de identificación coa cultura, e ó pobre nivel educativo das familias, a situacións de moi altas expectativas na educación como vía para lograr a súa integración e promoción social.
- ✓ Absentismo escolar relacionado co traballo dos seus pais, desprazamentos ao seu país, cambios de domicilio ... e, nalgúns casos, coa escasa valoración da escola como factor de socialización, integración e de desenvolvemento persoal.
- ✓ Os problemas de adaptación ó entorno, entendidos como dificultades para atopar amigos cos que xogar. Soen pasar gran parte da súa vida con outros nenos da súa mesma etnia, cando os hai, e senón pasan a meirande parte do tempo no contorno familiar.
- ✓ Escasa relación das familias co centro educativo propiciada polas dificultades de comunicación.
- ✓ Matriculación irregular, por incorporación tardía ó sistema educativo, xa que esta se leva a cabo á súa chegada ó país, que non ten por que coincidir co inicio do curso.

Esta poboación escolar ofrece tamén unhas **características positivas** para a educación do noso alumnado, como son:

- ✓ A achega doutros valores, que favorecerán unha aprendizaxe práctica da tolerancia e do respecto polo diferente.
- ✓ Unha cultura e costumes diferentes, que contribúen a ampliar os coñecementos xeográficos, históricos e a visión global do mundo, e o contacto coa diferenza que, ás veces pode introducir conflitos interculturais, forzará a ensinar e a aprender a resolver os conflitos, de xeito que todo o alumnado vaia madurando como cidadáns dunha sociedade plural.

### 3. OBXECTIVOS

A finalidade principal do plan de acollida para o alumnado inmigrante é facer dos primeiros días no centro unha situación máis fácil e máis humana e, en consecuencia, lograr con facilidade a súa integración escolar. Para isto establece os seguintes obxectivos:

- ✓ Actuar globalmente como centro ante a chegada de alumnado inmigrante, co deseño e a posta en práctica das respostas educativas que precisa este alumnado.
- ✓ Asumir como Centro os cambios que comporta a interacción cultural con alumnado procedente doutros países.
- ✓ Favorecer un clima de convivencia, fomentando actitudes de respecto e tolerancia e potenciando valores que a multiculturalidade aporta
- ✓ Conseguir que os pais e o propio alumnado estean informados do funcionamento e a organización o centro.
- ✓ Facilitar a escolarización, acollida e integración social e educativa do alumnado inmigrante xunto cos seus propios compañeiros e profesores.
- ✓ Fomentar actividades dirixidas a integrar a este alumnado na aula, aproveitar os momentos educativos e de enriquecemento mutuo intercultural que aportan as diferentes culturas na aula.

Par o logro destes obxectivos, consideramos un conxunto estruturado de medidas educativas e pautas de actuacións para conseguir a progresiva adaptación do alumnado procedente do estranxeiro que chega ó centro.

### 4. MEDIDAS DE ACTUACIÓN

#### 4.1. ESCOLARIZACIÓN DO ALUMNADO INMIGRANTE

Toma de contacto co centro:

O primeiro contacto prodúcese o día en que os pais ou titores legais do alumno/a achéganse o centro para a súa matrícula; nalgúns casos acompañados dalgunha persoa para facer de tradutor ou asesor.

Na secretaría do centro informaráselles de cal é documentación necesaria para formalizar a matrícula do alumno/a, das posibles opcións de relixión e optativas, da exención de galego, das axudas para a adquisición de libros e material, transporte...

De ser posible nese mesmo día, explicaralles como é o sistema educativo español e informaralles de cal é o procedemento de avaliación inicial que se vai seguir para a adecuada escolarización do alumno/a conforme a normativa legal vixente.

## PLAN DE ACOLLIDA DO ALUMNADO INMIGRANTE

En todo caso, acordarase, para o día no que formalicen a matrícula, sendas entrevistas co xefatura de estudos e de orientación para a recollida de datos relativa a súa situación e para a información detallada da organización e funcionamento do centro.

### Información ás familias::

A xefatura de estudos explicarlles paso a paso, de non telo feito con anterioridade, como é o sistema educativo español e informarlles de cal é o procedemento de avaliación inicial que seguiremos para a determinación do nivel de competencia lingüística e curricular e, deste xeito, a adecuada escolarización do alumno/a.

Informarlles sobre a Organización e funcionamento do centro: horarios de entrada e saída, función do titor; normas de convivencia, faltas de asistencia e xustificación, protocolo de entrevistas co titor e o profesorado, avaliacións e comunicacións do centro...

### Recollida de datos do alumno/a:

A xefatura do departamento de orientación aproveitará a entrevista coa familia para recoller información máis precisa sobre a súa procedencia, lingua, integrantes da unidade familiar, situación laboral e intencións de futuro, escolarización previa, de maneira que o coñecemento das circunstancias do alumno/a axude a determinar as súas necesidades educativas. (ver cuestionario modelo no anexo)

Tamén lles informará da existencia dos servizos sociais, por se non coñeceran a atención que poden atopar alí, e daquelas asociacións que lles poidan servir de axuda.

### Avaliación inicial

Segundo a orde do 20 de febreiro, o curso de educación básica no que se incorporará inicialmente o alumno determinarase tomando en consideración a súa idade así como o nivel máis axeitado para dar resposta ás súas necesidades educativas. En ningún caso se producirá a incorporación do alumno nun curso inferior ós dous anteriores ó que lle correspondería por idade. Ademais recolle que “a determinación das necesidades de cada alumno realizarase a través da avaliación inicial que se leva a cabo con carácter xeral no momento da incorporación ó sistema educativo e, de se-lo caso, correspóndelles ós departamentos de orientación, (...) a realización da avaliación psicopedagóxica correspondente” (art. 2).

No caso dun alumno/a que coñeza polo menos unha das dúas linguas oficiais, a ubicación do alumno/a nunha determinada clase virá determinada pola súa idade, escolarización previa, pola valoración inicial da súa competencia curricular, e as súas destrezas académicas. Terase en conta o número de alumnado con necesidades educativas, repetidores, con problemas de conduta e con dificultades de aprendizaxe do grupo.

Para a determinación do nivel da competencia curricular, será o departamento de orientación o encargado de aplicar as probas de nivel para as materias instrumentais (de 1º a 3º de ESO elaboradas polos departamentos didácticos correspondentes, ou de 6º de EP facilitadas polos centros adscritos) e que corraxirán os departamentos didácticos; posteriormente, nunha sesión de avaliación, presidida pola xefatura de estudos cos xefes de departamento implicados e de orientación, determinarase o nivel no que escolarizar ao alumno/a, procurando, sempre que sexa posible, que sexa no nivel que lle correspondería por idade.

Cando se determine un desfase de máis a dous cursos, escolarizarase no nivel inferior a dous do que lle correspondería por idade, e porase en marcha un grupo de adaptación da competencia curricular, (art. 11 a 13) solicitando os recursos humanos e materiais á Xefatura Territorial, se o centro non dispuxese deles.

No caso do alumnado que descoñeza os dous idiomas, e xa que é imposible determinar ao nivel de competencia curricular, poranse en marcha un grupo de adquisición das linguas, (art.

8 a 10), incorporándose inicialmente ao grupo só en determinadas materias, música, plástica, educación física... recibindo reforzo para adquirir a lingua no horario restante.

No caso de sospeitar algunha minusvalía solicitarase un ditame do EOE sobre as necesidades que presenta o alumno/a.

Unha vez determinado o nivel e grupo, informarase ao titor/a correspondente sobre o alumno/a e das medidas curriculares e organizativas que se disporán para facilitarlle a súa integración.

#### **4.2. ACCIÓN TITORIAL CO ALUMNADO INMIGRANTE**

O titor/a potenciará a cooperación e implicación do grupo no proceso de adaptación do alumnado inmigrante, ao longo do curso, aplicará as medidas específicas e de seguimento do seu proceso de integración do que informará a súa familia.

Debemos ter presente que o primeiro día de clase é un momento decisivo para a súa rápida integración, pois en boa medida, esta depende de cómo se sinta acollido, de como se lle facilite o desenvolvemento polo centro e pola clase, e de cómo se relacione nos primeiros días cos seus compañeiros e titor. A este corresponde

- Que se lle proporcione unha pautas de traballo e norma de convivencia e comportamento, aínda que as vaia incorporando pouco a pouco.
- Que coñeza os espazos da aula e os de usos común do centro.
- Que o grupo clase sexa o lugar prioritario para a súa integración social e afectiva, ao tempo que todos se enriquecen cos valores persoais e culturais do novo compañeiro.

Por todo isto, é imprescindible facer unha preparación inmediata para recibilo, evitando deixar estes momentos á improvisación ou ao acontecer espontáneo.

Preparación: repaso dos datos obtidos das entrevistas coa familia e recollidos na ficha informativa: situación familiar, condicións culturais, grao de coñecemento do noso país ... tratando de facerse cargo das posibles dificultades, antes de recibilo.

Se é posible, preparará tamén o grupo clase falando do novo compañeiro/a, estimulando acollelo dun xeito o máis positivo posible; particularmente interesante é transmitirle ao grupo recomendacións para afrontar do mellor xeito os caso de inmersión lingüística.

Pode ser conveniente preparar algunha sesión de titoría para Traballar temas transversais con todo o grupo-clase: racismo e xenofobia, tolerancia, solidariedade, igualdade entre sexos ...

Presentación e relación cos compañeiros: Procurarase facer a incorporación ao seu grupo de referencia coincidindo coa hora de titoría na aula.

Una vez na clase, o primeiro que se fará será presentalo aos compañeiros/as dun xeito natural e acolledor, desenvolvendo algunha actividade que facilite o seu coñecemento como por exemplo falando do seu país, aproveitamos para contrastar tópicos e realidade, ...

Debemos ter en conta que o grupo, se está motivado e implicado na acollida, é o que mellor lles ensina aos que acaban de chegar, a dinámica da clase, as expresións comúns e as relacións cotiás.

Convén controlar as relacións producidas espontaneamente, comprobando que son as propias da idade, evitando excesiva protección e, por suposto, erradicando actitudes de rexeitamento ou menosprezo.

É interesante utilizar positivamente a posición dos líderes na aula, para apoiar a integración do alumno inmigrante, encargándolle a algún/ha compañeiro que lle preste a súa axuda dende o primeiro día para evitar o illamento inicial, presentalo a outros compañeiros, resolver as dificultades de comunicación, facilitarlle a orientación sobre o funcionamento do centro, axudarlle nas tarefas escolares, material, dependencias ..., e colaborar co titor comunicándolle as dificultades que detecte.

O desempeño desta función terá que ser limitada no tempo e sen supor, para o alumno/a designado, ningún retraso na súa traxectoria académica. Pode ser conveniente establecer un sinxelo documento para darlle carácter formal e rexistrar a súa evolución. Inclúese un modelo.

### 4.3. PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

#### **Cando se dá o descoñecemento de ámbalas dúas linguas oficiais na nosa comunidade**

Debemos ter en conta que todo alumno/a que chegue á escola sen coñecer nada da lingua vehicular que se utiliza vivirá unha situación de inmersión lingüística. Procuraremos:

Dar un bo modelo lingüístico: non debemos falar xesticulando excesivamente ou berrando; facer frases sinxelas, pronunciando pouco a pouco e con claridade; non falar nunca telegraficamente nin simplificando ou alterando as frases para facilitar a comprensión.

A comprensión das demandas vitais e das ordes diarias, asegurándonos que nos entende e que se fan entender, sobre todo nos hábitos de: *senta, pecha a porta*, etc. e á hora de expresar as súas necesidades: *podo ir ó baño?, non o sei, non entendo*.

Non aceptar frases incorrectas, pensando que xa fan bastante esforzo en intentalo, axudarlles a que as completen ben..

Coidaremos todos aspectos da pronunciación, corrixíndoa para que pouco a pouco vaian perfeccionándoa por imitación. Procederemos sen interromper continuamente os diálogos ou conversas espontáneas.

É importante que cos compañeiros de clase falen con el/a esforzándose por facerse entender e por entendelo/a pero sen converterse en tradutores/intérpretes. É necesaria a axuda pero non ser a súa voz.

#### **Cando o alumnado provén dun país no que se fala o español ou xa coñece o idioma**

Unha situación moi diferente é cando o alumno recentemente chegado xa le e escribe e ten un coñecemento da lingua que lle permite comunicarse e participar pero aínda non é quen de enfrontarse coas aprendizaxes propias do curso. Non é o mesmo ler un conto e entendelo que ler unha lección do libro de texto ou o enunciado dun problema de matemáticas. Neste caso, debe terse en conta que:

No alumnado procedente de latinoamérica danse con frecuencia interferencias lingüísticas: diferenzas fonéticas, sintácticas, etc., que debemos axudar a superar. Esta situación pode ser moi frustrante para o alumno, xa que pese ó esforzo, segue a ver a diferenza que o separa dos seus compañeiros.

É preciso elaborar unha lista de vocabulario específico por áreas, axeitado á súa idade, e comezar a utilizalo de xeito gradual para axudarlle o máximo posible. Unha boa maneira para introducilo neste vocabulario máis específico e nos contidos propiamente ditos é utilizar libros dun nivel máis baixo do que teñen. Tamén podemos introducir dicionarios, libros de consulta sinxelos, etc.

#### 4.4. MEDIDAS ESPECÍFICAS DE ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA

Grupos de adquisición de linguas: agrupamentos flexibles que teñen como finalidade a aprendizaxe inicial da lingua vehicular do ensino mediante unha atención individualizada. Un profesor dun departamento lingüístico coordinara o proceso, asesorados polo departamento de orientación, e facilitará o material específico para a adquisición da lingua.

O tempo máximo de permanencia nestes grupos é dun trimestre e O horario semanal máximo nestes grupos será de 24 sesións, que se deberá ir reducindo en función do progreso do alumnado.

De tódolos xeitos, o alumno permanecerá na aula de referencia cos seus compañeiros nas seguintes áreas: Educación Física, Educación Plástica e Visual, Música e Tutoría.

Grupos de adaptación da competencia curricular: trátase de agrupamentos flexibles que teñen como finalidade o progreso na súa competencia curricular mediante unha atención máis individualizada co obxectivo final de posibilitar a plena incorporación nas actividades académicas xerais do grupo e curso no que se atope escolarizado. A característica principal dos alumnos para pertencer a este grupo é presentar un desfase curricular de dous ou máis anos respecto ó que lle correspondía por idade e estar escolarizado na ESO.

O horario semanal máximo será de 10 sesións, que non poderán abranguer a totalidade do horario semanal de ningunha materia; irase reducindo a medida que o alumnado vaia progresando.

Os apoios centraranse principalmente nas materias e carácter instrumental, na adquisición do vocabulario propio e aprendizaxes doutros niveis non adquiridas e que son imprescindibles para continuar con éxito no nivel de escolarización.

Plan de atención individualizado: Tras a avaliación inicial e determinadas as necesidades educativas do alumno/a, se estas precisasen a incorporación a un “grupo de adquisición de linguas” ou a un “grupo de adaptación da competencia curricular” e se non se poden establecerse por falta de recursos comunicárase ao servizo de Inspección Educativa. Nestas circunstancias, e se a Inspección non resolve doutro xeito, dado que ao igual que co resto do alumnado tamén se poderán adoptar outro tipo de medidas curriculares como son o reforzo educativo, adaptacións curriculares e flexibilización de idade, compre establecer un “Plan de atención individualizada” no que se recollerán as medidas de atención á diversidade concretadas por materias, así como o horario dos apoios precisos e o calendario das actuacións de seguimento.

A elaboración, seguimento e avaliación do plan individualizado, será coordinado polo profesor titor/a do alumno/a asesorado polo departamento de orientación. Desta avaliación derivarase a modificación, a continuidade ou non das medidas de apoio.

En todo caso, corresponde á xefatura de estudos, xunto coa de orientación, e á vista do horario do profesorado, a proposta aos departamentos didácticos implicados o profesorado que pode facerse cargo dos apoios. Este asistirá as sesións de avaliación, pero a cualificación é responsabilidade do profesor/a que imparte a materia no grupo de referencia.

#### 4.5. OUTRAS ACTUACIÓNS TITORIAIS

O titor/a asignado manterá unha entrevista coa familia, se fala o noso idioma, aos pouco días de incorporarse ao centro. No caso contrario, daremos o tempo prudencial para que poidamos establecer comunicación.

Informará á familia do material que o alumno vai necesitar e das medidas de atención individualizada que se van tomando co alumno e de cómo vai evolucionando o seu proceso de integración.

Recadará dos demais profesores/as o material necesario, que dependerá do nivel de competencia lingüística e curricular do alumno/a, e responsabilizarase da concreción do **plan de atención individualizado**, redacción e seguimento.

Convocará, cando menos, trimestralmente reunións co conxunto do profesorado para analizar a evolución do alumno/a e nas que se proporán as medidas necesarias en función dos resultados (continuar no grupo de adquisición de linguas, reforzo educativo, reducir ou aumentar o número de sesións, revisar os contidos e métodos de traballo...)

## 5. AVALIACIÓN DO PROTOCOLO DE ACOLLIDA DAS ACTUACIÓNS

A Comisión de Coordinación será a encargada de dinamizar a avaliación da aplicación do Plan de Acollida de alumnado estranxeiro empregando instrumentos como enquisas, entrevistas, etc. dirixidas ao alumnado, familias e profesorado, nos que se recollan aspectos máis significativos das accións enumeradas.

Aspectos a valorar:

- As accións de sensibilización e actividades do centro sobre cuestións de interculturalidade.
- Accións formativas realizadas polo profesorado ou necesarias sobre interculturalidade.
- As actuacións para a avaliación inicial e os instrumentos aplicados.
- A suficiencia e adecuación da información achegada ás familias.
- A implicación do alumnado do centro respecto da integración do alumnado estranxeiro.
- A suficiencia ou insuficiencia das medidas de atención e da dotación de profesorado, para poder desenvolver as ditas medidas.
- A axeitada organización dos agrupamentos e as modalidades de apoio.
- A adecuación das medidas de atención a cada alumno/a, titoriais e docentes.
- O grao de adecuación das programacións, da práctica educativa e dos materiais empregados.
- O grao de satisfacción dos alumnos e das súas familias.
- O grao de relación e colaboración entre o centro e as institucións locais e asociacións, etc.

Despois de facer unha avaliación proporanse as melloras que fosen precisas e que se incorporarán a memoria anual.



**MODELO PARA RECOLLIDA DE INFORMACIÓN INICIAL DO ALUMNADO INMIGRANTE**

CENTRO \_\_\_\_\_ Curso escolar \_\_\_\_\_

**DATOS PERSOAIS**

Nome: _____	Apelidos: _____	
Domicilio: _____	Localidade: _____	
Teléfono: _____	Teléf. nai: _____	Teléf. pai: _____
Data de nacemento: _____		
Nacionalidade: _____	Lingua de orixe: _____	
Tempo de residencia en España: _____		

**DATOS MÉDICOS**

Problemas de saúde: _____
Datos evolutivos destacables: _____

**DATOS FAMILIARES**

Nome da nai: _____	Tempo de residencia en España: _____
Nome do pai: _____	Tempo de residencia en España: _____
Composición actual do núcleo familiar: _____	
Nacionalidade dos pais: _____	
Lingua(s) familiares: _____	
A familia entende e/ou fala o galego	Si ____ Non ____
A familia entende e/ou fala o castelán	Si ____ Non ____
Estudos da nai: _____	profesión: _____
Estudos do pai: _____	profesión: _____

**DATOS ACADÉMICOS**

Anos e nivel de escolarización no país de procedencia: _____	
¿Estivo escolarizado anteriormente en España? Si ____ Non ____	
¿Canto tempo e onde? _____	
<b>Nivel de coñecementos da lingua galega:</b>	
Expresión oral: _____	Comprensión oral: _____
Expresión escrita: _____	Comprensión escrita: _____
<b>Nivel de coñecementos da lingua castelá:</b>	
Expresión oral: _____	Comprensión oral: _____
Expresión escrita: _____	Comprensión escrita: _____

PLAN DE ACOLLIDA DO ALUMNADO INMIGRANTE

Coñecementos doutras linguas: \_\_\_\_\_

Solicitud de exención de lingua galega: Si \_\_\_\_ Non \_\_\_\_

Nivel de competencia curricular noutras áreas: \_\_\_\_\_

Medidas de atención á diversidade aplicadas anteriormente: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

**OBSERVACIÓNS**

**MODELO ACTUACIÓN DE ALUMNADO ACOMPAÑANTE - CURSO: \_\_\_\_\_**

ALUMNO/a ACOMPAÑADO/A \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_

ALUMNO/A ACOMPAÑANTE \_\_\_\_\_ Data inicio: \_\_\_\_\_

**FUNCIÓN**

1. Facilitar a integración evitando que se atope só/soa na aula, períodos de lecer etc.
2. Presentarlle a outros compañeiros/as.
3. Mostrarlle as instalacións e axudarlle a orientarse no centro nos primeiros días.
4. Orientalo sobre aspectos do funcionamento do centro, material, horarios e hábitos.
5. Tratar de resolver os problemas iniciais de comunicación.
6. Axudarlle nas tarefas escolares.
7. Colaborar co titor/a comunicándolle os problemas que detecte.

**DIFICULTADES ATOPADAS**

**ASPECTOS CONSEGUIDOS**